

EXP. 976/2025

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE E A FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

O presente convenio formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinado polas partes mediante firma electrónica ao amparo do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

INTERVEÑEN

Dunha parte, don Aníbal Pereira Novoa con DNI: ***7755**, que actúa en nome e representación do Consello Municipal de Deportes de Ourense, (en diante CMD), con domicilio en R/ Pardo de Cela núm. 2 de Ourense e NIF: P-8260001-F, actuando como Presidente do CMD en virtude da delegación efectuada por decreto da Alcaldía do Concello de Ourense núm. 2026000864 do 05.02.2026, en exercicio das atribucións que lle confire o artigo 13 dos Estatutos del CMD.

Doutra parte, don Iván Pablo Sanmartín Carreira, con DNI núm. ***9367**, como presidente da xunta directiva da Federación Galega de Atletismo, con CIF núm. G15103500, no nome e representación do mesmo, en exercicio das facultades atribuídas ó efecto polos seus estatutos.

A Secretaria do Consello Municipal de Deportes dona Silvia Alonso Fernández quen fai constar, dado que non existe unidade de acto ao realizarse a firma do documento por medios electrónicos, que a función de fe pública prevista no artigo 3.2.i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación co disposto no apartado d) da Disposición Adicional oitava da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, limítase a comprobar a identidade dos intervenientes a través da documentación que forma parte do expediente, así como a verificar a validez das firmas electrónicas incorporadas ao presente documento, que os certificados dos asinantes non foron revogados e que non houbo modificacións no documento.

Ámbolos dous, interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecendo mutua e respectivamente competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración deportiva.

EXPOÑEN

I.- Que, de conformidade co disposto no Artigo 80 da Lei 5/1997 da *Administración Local de Galicia*, son competencias dos municipios as actividades e instalacións culturais e deportivas, así como na Lei 70/1985 de Bases reguladoras do Réxime Local no seu artigo 25.L, que marca como competencia municipal a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

CONVENIO
Número: 2026-0040 Data: 12/06/2026

Cod. Validación: ATHW5GZJMELEAP3KTJ5W3YNL
Corrección: https://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6



II.- Que a Lei do Deporte 3/2012 do Deporte de Galicia no seu artigo 8 marca a promoción, difusión do deporte xunto con calquera outra actuación que redunde no desenvolvemento do sistema deportivo local. De conformidade co Plan estratéxico de subvencións do Consello Municipal de Deportes para o período 2024-2025 contéplase o apoio a eventos deportivos de especial relevancia para a cidade. Do mesmo xeito se prevé no Plan estratéxico aprobado para o período 2026-2027. O Consello Municipal de Deportes foi creado polo Concello de Ourense, como organismo autónomo local para descentralizar funcionalmente as actuacións municipais en materia deportiva por Acordo de Pleno 13.10.1995 e modificados os seus Estatutos en 26.05.2009.

III.- Que as Federacións Deportivas son, de acordo co disposto na Lei 10/1990, do 10 de outubro, do Deporte, *"Entidades privadas, con personalidade xurídica propia, cuxo ámbito de actuación esténdese ao conxunto do territorio do Estado, no desenvolvemento das competencias que lle son propias, integradas por Federacións deportivas de ámbito autonómico, Clubs deportivos, deportistas, técnicos, xuíces e árbitros, Ligas Profesionais, se as houbese, e outros colectivos interesados que promoven, practican ou contribúen ao desenvolvemento do deporte"*, e que *"ademais das súas propias atribucións, exercen, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo, actuando neste caso como axentes colaboradores da Administración Pública"*. Entre as devanditas funcións públicas, a citada Lei estatal do Deporte, inclúe no seu artigo 33 a de *"Cualificar e organizar, no seu caso, as actividades e competicións deportivas oficiais de ámbito estatal"*.

IV.- Que a Federación Galega de Atletismo segundo consta nos seus estatutos -DOG núm. 135 do 08.07.2020- (artigo 1º) "(...) é unha entidade asociativa privada que carece de ánimo de lucro e que ten por obxecto, mediante a integración de atletas, adestradores/as, técnicos/as, xuíces/xuízas, clubs, organizadores e outros colectivos interesados estatutariamente establecidos que se dediquen á práctica do atletismo , o fomento, o desenvolvemento, xestión e organización do atletismo con carácter exclusivo na Comunidade Autónoma de Galicia, onde ostenta, tamén con carácter exclusivo, a representación da Real Federación Española de Atletismo (...)". Entre as súas funcións están as de colaborar coas administracións públicas e coa RFEA, así como coas restantes entidades deportivas nas promoción das súas respectivas modalidades e organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (art. 6º dos Estatutos).

V.- A Federación Galega de Atletismo organizou os eventos que se indican no cadro seguinte entre os meses de xaneiro e marzo de 2025 e que tiveron lugar na pista cuberta de Expourense:

DATA	EVENTO
4- Xaneiro	VII Copa Clubs Master en Pista Cuberta
11 – Xaneiro	XX Copa Clubs Absoluta Pista Cuberta
18 – Xaneiro	Meeting Internacional Pista Cuberta
18 – 19 – Xaneiro	XXXV Cto Xunta Galicia Probas Combinadas Sub-20 Sub-23 e VII Master en pista cuberta
26 – Xaneiro	Cto. Xunta de Galicia Sub23 Pista Cuberta
2 – Febreiro	XL Cto. Absoluto Xunta de Galicia en Pista Cuberta
15 – Febreiro	Cto. Xunta de Galicia Sub-18
16 – Febreiro	Cto. Xunta de Galicia Sub-20
22 – Febreiro	Cto. Xunta de Galicia Sub-16
8 – Marzo	Cto. Xunta de Galicia Sub-10 e Sub-12



9 – Marzo	Cto. Xunta de Galicia Sub-14
-----------	------------------------------

VI.- Previa a firma do presente convenio a Federación presentou no Consello os anexos I,II,III e IV das bases reguladoras das subvencións aprobadas para o ano 2025, na que declara responsablemente tanto outras subvencións solicitadas como o cumprir coa normativa para poder ser beneficiario de axudas públicas, así como o proxecto para o que solicita dita axuda.

E considerándose ambas as partes con capacidade suficiente para obrigarse, acordan celebrar o presente convenio en base ás seguintes

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é articular a colaboración entre o Consello Municipal de Deportes e a Federación Galega de Atletismo, para a celebración dos eventos de atletismo en pista cuberta que tiveron lugar na pista de Expourense ó longo do ano 2025 e que se indican no seguinte cadro:

DATA	EVENTO
4- Xaneiro	VII Copa Clubs Master en Pista Cuberta
11 – Xaneiro	XX Copa Clubs Absoluta Pista Cuberta
18 – Xaneiro	Meeting Internacional Pista Cuberta
18 – 19 – Xaneiro	XXXV Cto Xunta Galicia Probas Combinadas Sub-20 Sub-23 e VII Master en pista cuberta
26 – Xaneiro	Cto. Xunta de Galicia Sub23 Pista Cuberta
2 – Febreiro	XL Cto. Absoluto Xunta de Galicia en Pista Cuberta
15 – Febreiro	Cto. Xunta de Galicia Sub-18
16 – Febreiro	Cto. Xunta de Galicia Sub-20
22 – Febreiro	Cto. Xunta de Galicia Sub-16
8 – Marzo	Cto. Xunta de Galicia Sub-10 e Sub-12
9 – Marzo	Cto. Xunta de Galicia Sub-14

SEGUNDA.- OBRIGAS DO CMD

O CMD outórgalle á Federación Galega de Atletismo, con CIF núm. G15103500, unha axuda económica para apoiar o desenvolvemento dos devanditos eventos, por un importe de dezaioito mil cincocentos euros (18.500 €) con cargo á aplicación 3410 480.43 do orzamento de dito organismo para 2.026. O orzamento de gastos presentado pola entidade para a obtención da subvención ascende a un total de 78.000,00 €.

De conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, toda a información sobre a concesión da subvención será rexistrada na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

A Federación Galega de Atletismo asumiu como entidade organizadora dos eventos obxecto de subvención as seguintes obrigas:

CONVENIO
Número: 2026-0040 Data: 12/06/2026

Cod. Validación: ATHLWSGZJMELEAP3KTJ5W3YNL
Corrección: <https://deportesourense.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 6





- Organizar os eventos de atletismo en pista cuberta durante o ano 2025 conforme á memoria presentada para a solicitude da subvención.
- Visibilizar a imaxe do Concello e do Consello Municipal de Deportes, mediante publicidade en todos os documentos oficiais dos eventos, así como en todos os soportes publicitarios e medios de comunicación utilizados para a organización.
- Incluír en tódalas comunicacións tanto en medios de comunicación como en redes sociais os logos do Concello de Ourense e de Consello Municipal de Deportes, deixando constancia explícita do apoio da cidade de Ourense a estes eventos.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

As axudas contempladas neste convenio son compatibles con outras que poidan acadar o beneficiario, sempre que a suma de todas elas non supere o 100% do custe total da actividade. Nos supostos nos que da conta xustificativa se deduza que a actividade obtivo subvencións por importe superior ó 100% do seu custo, reducirase proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

QUINTA.- PRAZO DE VIXENCIA.

A vixencia do presente convenio estenderase ata o 31 de agosto de 2026, salvo previa denuncia de calquera das partes. O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio será causa bastante para a súa denuncia, sen prexuízo de que o seu cumprimento fiel e puntual poida ser demandado ante a xurisdición contencioso-administrativa.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN.

Antes do **31 de agosto de 2026** a entidade beneficiaria deberá xustificar, achegando a correspondente documentación a través da sede electrónica do Consello Municipal de Deportes, o cumprimento da finalidade do evento subvencionado. O incumprimento deste prazo dará lugar á perda do dereito para percibir a axuda outorgada e posibilitará a incoación dun expediente de reintegro da cantidade percibida. A rendición polo beneficiario da subvención da pertinente **conta xustificativa**, deberá constar de:

1. Instancia subscrita polo Presidente da entidade dirixida ao Sr. Presidente do Consello Municipal de Deporte pola que se solicite o pagamento da subvención concedida segundo o modelo normalizado que facilite o CMD (anexo VI) .
2. Memoria detallada das actividades levadas a cabo dentro do obxecto do presente convenio, onde deberán acreditar e detallar a difusión mediática levada a cabo para resaltar a colaboración no evento por parte do Consello Municipal de Deportes e do Concello de Ourense
3. Certificado acreditativo de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
4. Presentación da liquidación económica da actividade subvencionada, asinada pola Presidencia e pola Secretaría da entidade, onde se detallen os ingresos obtidos, públicos e privados, así como o detalle dos gastos totais. Empregarase o modelo normalizado anexo IV (liquidación orzamento). No suposto de que o gasto final executado sexa inferior ó recollido na solicitude da subvención esta minorarase proporcionalmente na contía correspondente.
5. Relación numerada dos documentos xustificativos de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, que coincidirá co total de

CONVENIO
Número: 2026-0040 Data: 12/06/2026

Cod. Validación: ATHLWSGZJMELEAP3KTJ5W3YNL
Corrección: <https://deportesourense.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6



gastos da liquidación do orzamento indicado no Anexo IV, con expresión mínima da data, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pago, asinada polo secretario da entidade e co visto bo do presidente (modelo normalizado facilitado polo CMD Anexo VII) e facendo constar cales deles son aplicados á xustificación da subvención concedida polo CMD, sendo estes relacionados correlativamente en primeiro lugar do anexo, totalizándose ao final da súa enumeración, e cales serviron para xustificar en axudas outorgadas por outras entidades públicas.

6. Facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil, administrativo ou laboral, por importe mínimo equivalente á cantidade subvencionada e con acreditación de estar pagadas. A acreditación do pagamento dos gastos farase conforme ó previsto na base 13ª das bases reguladoras de subvencións en materia deportiva do Consello Municipal de Deportes publicadas no BOP de Ourense núm. 122 do 27.06.2025.

As deficiencias non susceptibles de emenda que se observen na conta xustificativa que presente o beneficiario, darán lugar ó reintegro das entregas a conta realizadas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

A falta de xustificación ou a xustificación insuficiente, producirá a perda total ou parcial do dereito a percibir do importe da subvención, sen prexuízo da facultade de instar ó procedemento de reintegro de pagos, que resulten pertinente en función das entregas a conta efectuadas.

SÉPTIMA.- PAGAMENTO

O **pagamento** da axuda concedida efectuarase logo da aprobación da conta xustificativa polo Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes.

Con carácter previo á xustificación da aplicación da axuda económica outorgada e sempre que as necesidades de tesourería da entidade así o xustifiquen, poderán efectuarse **entregas a conta** de acordo coas seguintes regras :

- En concepto de pagamento anticipado, ata un máximo do 50 % do importe subvencionado, previa petición do interesado, e atendendo as disponibilidades líquidas do Consello Municipal de Deportes.
- A solicitude anticipo será resolta por decreto da Presidencia do CMD, previo o informe da Xefatura de Administración do CMD.

O Consello Municipal de Deportes non realizará ningún pagamento da subvención en tanto o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non teña pendentes de pagamento ningunha outra débeda co Consello Municipal de Deportes ou Concello de Ourense.

OITAVA.- GARANTÍA DAS OBRIGAS

O importe da axuda quedará afectado ao aseguramento das obrigas da entidade beneficiaria co Consello Municipal de Deportes e mais co Concello de Ourense. A estes efectos a Administración do Consello Municipal de Deportes, procederá a reter e compensar a cantidade suficiente con cargo a dita axuda. A tal efecto aplicarase o mecanismo de compensación de débedas coa facenda pública por ingresos de dereito público previsto no





artigo 58 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Recadación. A compensación será aprobada na resolución de concesión de anticipo, no seu caso, ou no acordo de aprobación da conta xustificativa.

NOVENA .- OBRIGAS DE PUBLICIDADE

A entidade comprométese a facer constar en toda a publicidade xerada polo programa de actividades que se reciba axuda do Consello Municipal de Deportes, utilizando para iso a normativa da imaxe corporativa do Consello Municipal de Deportes e do Concello de Ourense que estará presente de forma destacada nos soportes publicitarios de todo o evento, así como nas redes sociais.

Facer explícito o patrocinio ou colaboración do CMD e do Concello de Ourense de forma destacada, en cantas accións de comunicación pública e soportes informativos se realicen (carteis, trípticos, cuñas de publicidade, camisetas...). O Consello poderá requirir, en calquera momento anterior ao libramento da subvención, canta documentación considere necesaria para comprobar a súa realización.

Achegarase constancia gráfica en formato dixital da actividade.

Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo CMD, pola Intervención Xeral Municipal, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de comprobación, fiscalización e control do destino das subvencións.

NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO

En todo o non previsto no presente convenio estarase ó disposto na Lei 9/2007 de 13 de Xuño de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009 de 8 de Xaneiro do Regulamento de subvencións e a ordenanza xeral de subvención do Concello de Ourense e demais normativa de desenvolvemento.

O presente convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contenciosa-administrativa.

E en proba da súa conformidade con todo canto antecede, subscríbese o presente convenio por ámbalas partes coa súa sinatura electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

CONVENIO
Número: 2026-0040 Data: 12/06/2026

Cod. Validación: ATHLWSGZJMELEAP3KTJ5W3YNL
Corrección: <https://deportesourense.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6

